



MOCIÓN

ATAQUE DOS EE.UU. AO IRAQUE

O Goberno de EEUU, despois de completar a campaña militar en Afganistán, comezou a espallar o seu propósito de atacar a Iraque.

Nas últimas semanas esa intención xa se fixo pública e notoria, manifestando ademais que o obxectivo prioritario da acción militar é a de mudar o goberno dese Estado, para establecer outro que responda aos seus intereses, de xeito similar ao acontecido en Afganistán.

A actuación de EEUU responde en exclusiva aos seus propios intereses políticos, económicos e xeoestratéxicos; apostando cada vez máis por unha acción unilateral á marxe da opinión dos Organismos internacionais e dos restantes Estados, que vulneraría as regras que rexen no Dereito Internacional desde despois da II Guerra Mundial, e suporía unha desautorización da Organización das Nacións Unidas. Máis a gravidade desta actuación á marxe da comunidade internacional, o Presidente do Goberno español xa se apresurou a amosar o seu apoio incondicional e sen matices ás pretensións estadounidenses, denotando unha falta de iniciativa política propia para abordar a solución ao contencioso por vías pacíficas, e ao mesmo tempo, aprofundando na submisión e aliñamento no bando máis belicoso e entreguista dos EEUU, xunto a Berlusconi ou Blair.

O posíbel ataque militar de EEUU sobre un Estado soberano como Iraque, sen ter demostrado graves vulneracións ou ameazas por parte dese país ao equilibrio internacional, e sen contar coa lexitimación da ONU, vén a reforzar o papel estadounidense de garante da orde mundial a fin de manter o seu estatus de primeira potencia mundial, e de subordinación dos restantes países aos seus intereses. Por iso, pon-se en funcionamento a acción militar sen ter en conta as graves repercusións que terá sobre a poboación civil de Iraque, xa moi empobrecida debido a un embargo internacional que dura máis de dez anos, cuxo saldo actual é a morte de centos de miles de seres humanos.

O BNG, reiterando a súa vontade de colaboración na construción mundial de povos libres e de relacións internacionais baseadas na paz e igualdade, rexeita a inxerencia que os EEUU pretenden realizar no Iraque de forma violenta, e a súa teimuda política imperialista que atenta contra a soberanía das nacións do mundo.

As institucións deben facer-se eco destas reflexións ante a iminencia das accións militares, e impulsar unha concienciación cidadá que rexeite esta nova agresión militar a Iraque, e apoie o emprego de iniciativas diplomáticas por parte de toda a comunidade internacional no seu conxunto baixo a cobertura da ONU, para procurar dar unha solución pacífica a este conflito na perspectiva de defender a soberanía do Iraque face ao poderio militar estadounidense, preservar os dereitos humanos e evitar unha confrontación armada que castigue a milleiros de cidadáns inocentes.

Por isto, o **Grupo Municipal do BNG no Concello de Vilagarcía de Arousa**, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A Corporación Municipal rexeita publicamente un ataque militar dos EEUU contra Iraque.
2. Instar ao Congreso dos Deputados e ao Goberno do Estado español a:
 - a) Opór-se nos foros e organismos internacionais a un ataque militar de EEUU a Iraque.
 - b) Defender o emprego das iniciativas diplomáticas necesarias por parte da ONU para solventar por vías pacíficas o conflito entre EEUU e Iraque.
 - c) Comunicar aos EEUU a negativa a permitir a utilización das bases situadas en territorio español ou do espazo aéreo do Estado español dentro dunha campaña de ataque militar a Iraque.
3. Participar e apoiar institucionalmente os actos convocados para manifestar o rexeitamento social dun ataque militar a Iraque.
4. Dar traslado deste acordo ao Parlamento Galego para que a súa vez inste nestes termos ao Goberno do Estado.

Vilagarcía, 1 de outubro de 2002

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA